

## **CIRCULAR 78-2025.**

### **I CONTROL FGA AIRE LIBRE – 19/04/2025 (Xornada de tarde)**

**Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 19 de abril de 2025 nas pistas da USC de Santiago de Compostela.**

**Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo.**

- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.

**Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina (<https://atletismorfea.es/user/login-registro>) ata as 20:00 horas do luns 14 de abril.**

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025. No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.

**Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.**

- Rematará ás 12:00 horas do mércores 16 de abril e serán remitidas a [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal)

**Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.**

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.6).- Os/as participantes deberán presentarse ás ordes do xuíz de saídas 5 minutos antes do comezo da súa proba, coa camiseta e o dorsal posto.**

**Art.7).- Horario: (poderase modificar en función do horario final das combinadas)**

<b>19/04/2025 – XORNADA DE TARDE</b>		
<b>HORA</b>	<b>CARREIRAS</b>	
<b>17:00</b>	<b>100 m</b>	<b>Abs Homes</b>
<b>17:30</b>	<b>100 m</b>	<b>Abs Mulleres</b>
<b>18:00</b>	<b>800 m</b>	<b>Abs Homes</b>
<b>18:15</b>	<b>800 m</b>	<b>Abs Mulleres</b>
<b>18:30</b>	<b>600 m</b>	<b>Sub 16 Homes</b>
<b>18:45</b>	<b>600 m</b>	<b>Sub 16 Mulleres</b>
<b>19:00</b>	<b>500 m</b>	<b>Sub 10 H-M</b>
<b>19:15</b>	<b>500 m</b>	<b>Sub 14 H-M</b>
<b>19:30</b>	<b>400 mv</b>	<b>Abs Homes</b>
<b>19:38</b>	<b>400 mv</b>	<b>Sub 18 Homes</b>
<b>19:45</b>	<b>400 mv</b>	<b>Abs Mulleres</b>
<b>20:00</b>	<b>300 mv</b>	<b>Sub 16 H</b>
<b>20:15</b>	<b>300 mv</b>	<b>Sub 16 M</b>



**Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club, salvo que sexan independentes. Aplicaranse as seguintes penalizacións:**

- Nas 48 horas previas e na propia competición, calquera baixa ou a non participación final terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal) ata 48 horas despois do comezo da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Inscricións fora de prazo: 6 euros de recargo. Solicitudes a [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal)

**Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.**

**A Coruña, a 08 de abril do 2025**

**Yolanda González Fernández**  
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo